

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O DESENVOLVEMENTO DE MEDIDAS DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

(1) A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, é o órgano da Administración autonómica que ten entre as súas competencias impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero

No mencionado ámbito material, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren.

En novembro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou, por unanimidade, unha Proposición non de lei pola que se instaba ao Goberno a promover a subscripción dun Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero polo Goberno da Nación, as Comunidades Autónomas e Cidades con Estatuto de Autonomía e a Federación Española de Municipios e Provincias, que siga impulsando políticas para a erradicación da violencia sobre a muller como unha verdadeira política de Estado. Así no seo da Comisión de Igualdade do Congreso, creouse unha Subcomisión que tivo como obxectivo elaborar un informe no que se identificaran e analizaran os problemas que impiden avanzar na erradicación das diferentes formas de violencia de xénero, e no que se incluíran un conxunto de propostas de actuación, entre elas as principais reformas que deben acometerse para dar cumprimento efectivo a ese fin, así como ás recomendacións dos organismos internacionais. O Congreso, na súa sesión plenaria do 28 de setembro de 2017, aprobou o Informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Pola súa parte, a Comisión de Igualdade do Senado decidiu, o 21 de decembro de 2016, a creación dunha Ponencia que estudase e avaliasse, en materia de Violencia de xénero, os aspectos de prevención, protección e reparación das vítimas, analizase a estratexia para alcanzar e implementar un Pacto de Estado contra a Violencia de xénero e examinase a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de



decembro. O 13 de setembro de 2017, o Pleno do Senado aprobou, por unanimidade, o Informe da Ponencia de Estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero.

Ambos informes conteñen un conxunto de propostas para previr e combater a violencia contra a muller e os seus fillos e fillas menores, e para mellorar na resposta que, dende as Institucións, se lles proporciona.

En concreto, o Eixo 1 do Pacto de Estado recolle medidas relativas á prevención e á sensibilización fronte a violencia de xénero, prevendo a posta en marcha de accións dirixidas a sensibilizar a toda a sociedade sobre o dano que producen a desigualdade as condutas violentas e a axudar á toma de conciencia sobre a magnitude do problema da violencia contra as mulleres e as consecuencias que ten para a súa vida e a das seus fillos e fillas. Estas actuacións terán como destinatarios principais a nenos e nenas, a adolescentes e á mocidade, para que interioricen a igualdade como un valor esencial para a convivencia entre mulleres e homes.

Por outra banda, o Eixo 8 recolle medidas relativas a visualización e atención a outras formas de violencia contra as mulleres, como a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, a violencia sexual a mutilación xenital feminina e os matrimonios forzados. De conformidade co Convenio do Consello de Europa para previr e combater a violencia contra a muller incluíranse todos os actos de violencia baseados no xénero que impliquen ou podan implicar para as mulleres danos ou sufrimentos de natureza física, sexual, psicolóxica ou económica, incluídas as ameazas de realizar ditos actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, na vida pública ou privada.

(2) Antecedentes:

En ambos eixos a Universidade da Coruña se atopa en condicións de levar a cabo medidas concretas, segundo se recolle no obxecto do presente Convenio, pois trátase dunha institución de dereito público a quen lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior, mediante a investigación, a docencia e o estudo.

Conta ademais coa Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX), adscrita á Vicerreitoría de Ferrol e Responsabilidade Social, que leva en funcionamento desde o día 10 de marzo de 2007, encargada de implementar o compromiso da Universidade da Coruña coa sociedade na consecución da igualdade real entre homes e mulleres.



(3) Finalidade:

Para os efectos sinalados, con data 21 de maio de 2019 formalizouse coa Universidade da Coruña, o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 18 de decembro de 2019.

(4) O obxecto deste Convenio é establecer as bases reguladoras e as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e a Universidade da Coruña, a través da Oficina de Igualdade de Xénero, para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, como as que se refiren a:

Reforzar e ampliar en materia de Educación, os valores igualitarios e a educación afectivo-sexual obrigatoria en todos os niveles educativos, fomentando que os mesmos se aborden de forma integral (aspectos fisiolóxicos e afectivo-emocionais). (Medida 3 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero).

Incluír en todas as etapas educativas, a prevención da violencia de xénero, do machismo e das condutas violentas, a educación emocional e sexual e a igualdade, incluíndo ademais nos currículos escolares, os valores da diversidade e a tolerancia. (Medida 4 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Implicar ás Unidades de Igualdade das Universidades na realización de estudos sobre o impacto do acoso, as agresións e os abusos sexuais no ámbito universitario, e valorar, no seu caso, a oportunidade de realizar campañas de prevención nos Campus Universitarios, e de forma particular das agresións sexuais “en cita”. (Medida 8 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Ofertar nos Programas de Formación permanente do profesorado das Administracións Educativas das Comunidades Autónomas polo menos un programa específico de prevención e loita contra a violencia de xénero. (Medida 15 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)



Realizar campañas que teñan como público obxectivo á mocidade, utilizando preferentemente as tecnoloxías da información e da comunicación. (Medida 26 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Dar formación á mocidade sobre o uso axeitado e crítico de internet e as novas tecnoloxías, especialmente na protección da privacidade e sobre os ciberdelitos (stalking, sexting, grooming, etc). (Medida 34 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Promover dende as administracións públicas e organizacións empresariais, a mellora da formación recibida polos e as responsables das empresas e representantes sindicais (Medida 232 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero).

Deseñar programas de prevención, detección e protocolos especializados, ou actualizar os existentes en atención e actuación, adaptándoos ás especificidades das diferentes violencias sexuais. Así mesmo desenvolver protocolos de intervención e detección precoz en todos os ámbitos da Educación Infantil, Primaria e Secundaria, así como no ámbito universitario (Medida 254 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Fomentar a investigación en violencias sexuais: estudos diagnósticos, desenvolvemento estatístico, unificación de datos e publicidade dos mesmos. Realizar estudos de prevalencia e deseño de indicadores para todos os tipos de violencias sexuais (Medida 257 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

Realizar un estudio sobre as novas realidades da Trata e as respostas operativas que deben implementarse para que as actuacións policiais teñan maior facilidade á hora de intervir en espazos de alto nivel de control por parte dos proxenetas, incluídas as vivendas. (Medida 266 do documento refundido final do Pacto de Estado contra a violencia de xénero)

(5) O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que a través da Secretaría Xeral da Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.



Estímase xustificada, de conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción dun convenio de colaboración Entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Que a concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso no que o interese prioritario é establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, e as tres Universidades galegas para o desenvolvemento de medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

(6) Aplicacións orzamentarias:

05.11.313D.444.0 (código de proxecto 2018 000112) enmarcada nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade), correspondentes á CCAA de Galicia para o ano 2019.

Contía total: 100.000 € (cen mil euros)

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A secretaria xeral da Igualdade

Susana López de Abella

